

LABIRINTO

DIARIO DE VIAXE DUN ARTISTA MONOCROMO

Texto e ilustracións de RAMÓN TRIGO

Encadernado en cartonné. 24 x 24 cm. 40 páx. 16 €

[Labirinto. Diario de viaxe dun artista monocromo](#) (galego)
ISBN 978-84-1343-318-9. Álbum ilustrado. MareMar.

[Laberlnto. Diario de viaje de un artista monocromo](#) (castelán)
ISBN 978-84-1343-319-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

No taller de pintura, a pesar dos meus esforzos, o resultado era monocromo. Debatíame entre o gris escuro e o negro intenso. Ata que emprendín aquela viaxe...

Unha viaxe de inmersión nunha cultura ancestral cun resultado transformador no persoal e no artístico.

O mundo creativo do pintor que protagoniza «Labirinto» reducíase a unha paleta de tonalidades escuras ata que unha viaxe ao corazón do continente africano permitiulle descubrir imponentes paisaxes, expor os seus sentidos a novos estímulos —aromas, cores, sabores, texturas...— e convivir coas súas xentes para coñecer costumes milenarios. O impacto desa experiencia inmersiva non só se acaba reflectindo na súa obra, senón que transcende mesmo a mentalidade do propio artista no camiño que transita ata atopar o seu estilo persoal.

O autor e ilustrador Ramón Trigo elabora este “Diario de viaxe dun artista monocromo” a partir da súa estada en Nixeria, onde colaborou cun grupo diverso de creadores locais. «Labirinto» amosa, a través deste libro pictórico e simbólico, a súa visión dun país que lle causou unha fonda impresión. Cada páxina é unha obra de arte que, do branco e negro inicial, pasa a un crisol de intensas cores que remiten a un océano axitado e unha terra exuberante chea de misterios.

Son escenarios rústicos a base de manchas de pintura e marcadas texturas sobre as que se superpoñen aplicacións de colaxe. O texto, sinxelo e descritivo, contrasta cunha linguaxe visual paralela de imaxes impactantes, orixinais e suxestivas: dende o globo aerostático que evoca as aventuras literarias de Xulio Verne, ata as metáforas visuais —un río de vehículos, un sendeiro de teas típicas, un bosque de cerámicas artesanais, unha nube de azafrán...— ou o final circular que entronca coa estrutura dos contos tradicionais.



- **Temática:** viaxe simbólica arredor da arte e da creatividade.
- **Idade recomendada:** dende 6 anos.
- **Aspectos destacables:** viaxes, exploración, descubrimento, aventura; África, cultura e tradicións africanas, multiculturalidade; experiencia persoal, autoconecemento; arte, pintura, metáforas visuais; do ilustrador de «O pirata Pata de Lata» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/labirinto-g>

Ramón Trigo

(Vigo, 1965)

De formación autodidacta, iniciou a súa traxectoria artística como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan da década de 1980. Dende entón ilustra libros para varias editoriais e realiza exposicións, ademais da súa faceta como escultor. A súa obra presentouse en Alemaña, Bélxica, Lituania, Italia e Nixeria, entre outros países. Os seus libros figuran na selección The White Ravens. Entre os recoñecementos que recibiu figuran o Premio Arte Xoven Galego, os premios de álbum ilustrado infantil Cidade de Alacant e Cabildo de Gran Canaria, o Premio Lazarillo e o Premio Isaac Díaz Pardo.

<https://www.ramontrigo.com>

